



## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA "CASAGA" EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73 do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), conta cun grupo coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta na busca e rescate de persoas desaparecidas.

#### Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de Cans de Salvamento de Galicia "CASAGA" o convenio arriba referido por un período de



vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), para colaborar no financiamento das intervencións de esta no apoio das actuacións de órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na busca e rescate de persoas desaparecidas en calquera espazos xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, e se fora necesario, fóra da propia comunidade autónoma, sempre a petición da Xunta de Galicia. A Asociación Cans de Salvamento de Galicia poderán intervenir en emerxencias fóra de Galicia en virtude dos principios de cooperación e solidariedade interterritorial recollidos na Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, cando a magnitude do incidente requira apoio adicional e así se solicite a través dos mecanismos de coordinación establecidos: acordos bilaterais entre comunidades autónomas ou solicitude do Centro Nacional de Emerxencias (CENEM).

Dado que estas funcións especializadas son exercidas por CASAGA de forma exclusiva no territorio da comunidade autónoma, non poden aplicarse os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria á aplicación orzamentaria 05.06.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2026, por un importe de vinte e cinco mil euros (25.000 €).

A previsión de gastos desagregados por concepto sería a seguinte:

<b>CONCEPTO</b>	<b>Custe</b>
Asistencia a actividades de formación, adestramento e divulgación	5.000 €
Manutención, desprazamentos e aloxamento de equipos caninos	5.000 €
Seguros e gastos de atención veterinaria	6.000 €



Gastos de vestimenta e material funxible	4.000 €
Apartado de imprevistos (gastos de taller vehículo transporte)	5.000 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>25.000 €</b>

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo específica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

